

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016790	IES Castro de Baronceli	Verín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Música	2º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	10
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	11
7.2. Actividades complementarias	12
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	12
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	13
9. Outros apartados	13

1. Introducción

A presente programación procurará ter en conta a situación socio económica e cultural do alumnado do noso centro, as súas motivacións e intereses, e tentarse adaptar en todo o posible ao contexto no que se sitúa o centro. Asimesmo se adaptará tamén ás posibilidades do propio centro en canto a material e recursos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3	1	1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3-5	2	3	1	1-3	3-4
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Escoita e percepción		34	25	X	X	X
2	Interpretación, improvisación e creación escénica		33	25	X	X	X
3	Contextos e culturas		33	20	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Escoita e percepción	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Amosa unha actitude correcta de apertura interese e respecto na escoita ou visionamento amosada sen comportamentos disruptivos. Identifica alomenos dous trazos estilísticos sen equivocarse no elemento da música a que corresponda.	PE	100
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Expresa axeitadamente alomenos unha función, unha característica do contexto e unha idea ou emoción.		
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Identifica alomenos a metade dos elementos básicos da linguaxe musical preguntados.(5)		
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Cada negativo por incumprimento do criterio quedará fixado no rexistro correspondente puidendo restar cada un 0.1 da puntuación ata o máximo especificado no peso orientativo dado á proba escrita. Na táboa figurará Nome e data de cada anotación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilidade ante a polución sonora e a creación de ambientes saudables de escoita. - Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos. - Texturas monofónicas e polifónicas, melodía acompañada. Formas musicais: motivo, frase, formas binarias, ternarias, forma rondó, formas musicais da canción popular urbana. - Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos. - Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración.

UD	Título da UD	Duración
2	Interpretación, improvisación e creación escénica	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Velocidade de lectura a tempo de Negra=50 cun máximo dun 10% de erros..(10). Coñece as notas e as figuras e identifica a metade dos elementos preguntados (5+5/av+5a/av1.1). Dictado rítmico entre 15.(10/av7A) Dictado melótico entre 15. Max.3 intentos (10/av7c)	PE	30
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Participa nas actividades prácticas propostas. Anotarase soamente a negativa a participar con nome e data.	TI	70
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Acerta na técnica axeitada e expresa alomenos nunha das actividades pautadas.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Comportamento axeitado e non disruptivo nos ensaios.(-) Ten memorizada a letra e música da peza correctamente.(Voz)(10/av10a) Asimesmo consegue repetir por imitación do profesor o esquema preguntado entre os15 estudados (Corporal). (10/av7b). Interpretación instrumental (10/av8a)		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Actúa no Festival programado e mantense concentrado e con actitude axeitada.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	Realiza algunha das actividades de composición traballadas(av6)		
CA2.7 - Interpretar e crear a través da voz, do corpo ou dos instrumentos, de maneira individual ou en grupo, diferentes pezas musicais, escénicas e dancísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpreta instrumentalmente a peza galega proposta.(av8)		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical. - Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación. - Ferramentas dixitais para a creación musical: manexo de secuenciadores e editores de partituras.

UD	Título da UD	Duración
3	Contextos e culturas	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Valorar a importancia do noso patrimonio musical e dancístico tradicional e popular, así como o doutras culturas musicais do mundo, sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.	Identifica a metade das mostras do noso patrimonio das que se lle amosan entre outras.		
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identifica a metade dos aspectos comúns.	PE	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Identifica da obra proposta a metade dos elementos propios da linguaxe musical preguntados.		
CA3.6 - Utilizar as características e os elementos propios da cultura musical galega como base para crear diferentes composicións musicais, escénicas e/ou dancísticas executadas a través da voz, do corpo ou dos instrumentos.	Crea un acompañamento sinxelo para o tema proposto que teña un mínimo senso.		
CA3.3 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, das diferentes culturas estudadas, valorando e mantendo unha actitude de respecto cara ao patrimonio artístico das diferentes culturas que conforman o mundo.	Interpreta a canción completa ao tempo estipulado cun máximo de 3 erros. Taboa de indicadores: 1.Son estable e emisión controlada. 2.Colocación correcta das mans e do corpo, 3. Control dos aspectos básicos referentes á respiración. 4. Coordinación na dixitación e articulación precisa.	TI	50
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Participa na organización do festival do día das Letras Galegas sen queixa fundada algunha do resto dos organizadores.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A voz e os instrumentos: clasificación xeral por familias e características. Principais agrupacións musicais. - As músicas tradicionais en España e a súa diversidade cultural: instrumentos, cancións, danzas e bailes. Estudo das súas características e interpretación. - A música en Galicia: instrumentos, formas tradicionais, danzas e xéneros tradicionais, populares e urbanos. Análise, interpretación e creación. - Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: características e funcións. Instrumentos, cancións, danzas e bailes en África, Asia, América, Europa e Oceanía. - Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudados. - O son e a música nos medios audiovisuais e as tecnoloxías dixitais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia require unha metodoloxía maiormente práctica mesturada coa aprendizaxe teórica. Para traballar a parte práctica e produción musical usaremos metodoloxías cooperativas e colaborativas principalmente, xa que se fará interpretación en conxunto.

No tratamento dos contidos teóricos da materia buscarase un aprendizaxe por descubrimento: a base e observar e rexistrar información de forma sistemática. Non se trata de proporcionar directamente os coñecementos, senón de ensinalles a manexar os que xa saben, para que descubran, coa axuda do profesorado outras cousas.

Ademais do anterior, as directrices metodolóxicas a seguir nesta programación son as seguintes:

- A asimilación dos distintos bloques de contidos, partirá sempre da práctica para logo pasar á teorización, é dicir, a

base desta programación é aprender facendo.

- A planificación do ensino faise sempre en base a vivir a experiencia da música a través da interpretación, da creación e da escoita activa de distintas propostas artísticas.
- Os criterios de avaliación están directamente relacionados cos obxectivos propostos, é dicir, superar con éxito os criterios de avaliación amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.
- Diseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que incluírán procedementos diversos para traballar os contidos, e sempre partindo dunha visión global, onde os novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos coñecementos previos do alumnado e teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula, así como a atención á diversidade, propoñendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.
- Terase en conta e farase destacable a través dos contidos transversais a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias. Aínda que a priori a relación máis directa se dá con Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir competencias de índole artística, tamén é posible establecer relacións coas Matemáticas, por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical, das calidades físicas do son; coas linguas, a través da simbiose entre texto, idioma e melodía; coa Historia para entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais universais e coa Tecnoloxía, a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e compoñer etc.
- Promoverase nas distintas unidades o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a natureza grupal e creativa desta materia, realizando proxectos colaborativos entre o alumnado, onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.
- Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades: actividades introductorias ou de presentación dos contidos para descubrir os coñecementos previos do alumnado, actividades de motivación ou descubrimento, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación e de ampliación dos contidos nos casos que sexa necesario.
- Por último destacar os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación como son a práctica e a motivación, a interrelación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a actitude analítica e a socialización.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Material necesario para ó alumno

- Unha libreta pautaada.
- Unha libreta tamaño folio.
- Unha fruta doce marca ¿Honner¿ ou calqueira outra que afine ben con ésta.

do

.

-Libros de texto:

Non é preciso libro de texto para a materia. Se utilizarán libros de texto descatalogados e mercados en anos anteriores como apoio pero a maioría do traballo realizarase a través de material elaborado polo profesor e publicado para cada curso no Aula Virtual.

-Materiais e recursos:

- Aula de música.
- 1 Ordenadores para o uso do alumnado e un para uso exclusivo do profesor , ambos con conexión a internet.
- CDs correspondentes ós libros de texto.
- Fotocopias de partituras de distintos estilos, xéneros e épocas.
- Instrumentos de láminas e pequena percusión.
- Clavinova.
- Guitarra eléctrica co seu amplificador.
- Guitarra clásica co seu amplificador e pastilla.
- Baixo Eléctrico co seu amplificador.
- Amplificador para voces, micro inalámbrico, micro e cableado e mesa de mesturas.

- Caixa flamenca
- pandeyreta tradicional.
- Bongoes.
- Batería
- Colección de discos de música popular, clásica e músicas do mundo.
- Colección de vídeos de ópera e outros.
- Enciclopedias, libros de consulta e libros de texto.
- Aula de informática: Se usará para unha das clases a fin de realizar as actividades do Aula Virtual. En segundo, no seu caso, se usarán os recursos das aulas Abalar.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Con respecto a avaliación inicial seguida para 2o da ESO tense atopado un problema recorrente nos últimos anos. Dito problema consiste en que dito alumnado, con independencia do Centro do que proveñan, e salvo excepcións contadas que non adoitan chegar ao 5%, pódese dicir que carecen dos mínimos que xa deberían ter cubertos en primaria, non coñecendo siquera o nome das notas, o nome e o valor das figuras, os instrumentos principais nen as familias, etc.. e a maior parte

deles sen ter siquera un acercamento ao instrumento. Deste xeito calqueira medida de reforzo ou adaptación do currículo, esperará como mínimo ao traballo da primeira avaliación, a fin de analizar con máis fundamento o avance de cada alumno para así na segunda avaliación adoptar xa as medidas que se considerasen precisas.

O anterior marxe, considerárase tamén de utilidade para as medidas de reforzo aplicables no caso dos alumnos repetidores coa materia suspensa, ou aqueles que teñan promocionado sen superala. Isto será así en 2o e 3o da ESO. Inda así, nos casos nos que non se perciba cambio poderanse aplicar dende ese momento as medidas de reforzo establecidas no seguinte apartado.

Inda así, e coa esperanza de que no presente ano as cousas sexan diferentes, farase como sempre unha avaliación inicial a fin de coñecer o asimilado polo alumado e adaptar a metodoloxía ao caso de cada curso.

Esta avaliación inicial partirá dunha simplificación máxima dos obxectivos do curso anterior a fin de quitar unha idea o máis aproximada posible.

En función da puntuación acadada pola maioría, poderanse afinar os resultados con preguntas orais máis concretas, individuais ou colectivas.

En 3o e 4o da ESO, e posto que o profesor xa coñece ao alumnado, simplemente se fará unha batería de preguntas orais sobre o resumo do esencial do curso anterior e que se corresponderá en gran medida co primeiro tema do curso.

Asimesmo, e aparte desta avaliación inicial do curso, ao principio de cada unidade, o profesor poderá facer preguntas cortas para facerse unha idea máis exacta do que o alumnado coñece antes de escomezar a unidade.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	33	33	100
Proba escrita	100	30	50	60
Táboa de indicadores	0	70	50	40

Criterios de cualificación:

1) NOTA DO TRABALLO REALIZADO NO AULA VIRTUAL: Puntuación o50% da puntuación Total.

Eses 5 puntos corresponderán polo tanto ao 33,33% do total do A.V. na Primeira avaliación, ao 66,66% na segunda, e ao 100% na terceira e final.

2) NOTA DE CLASE . 50%.

A) CONCEPTUAL:

Engloba os seguintes puntos:

- as preguntas feitas na clase polo profesor e contestadas axeitadamente, (0,1 cada unha)

- Os traballos feitos polo alumno sobre calqueira tema relacionado co que se estea a dar e aceptados previamente polo profesor, (Ata 0,3 por traballo)

- os exercicios do libro feitos polo alumno e corrixidos. (Ata 0,3)

B) PROCEDIMENTAL:

- As interpretacións instrumentais.

- As interpretacións vocais.

- As interpretacións de movemento.

- As interpretacións de expresión corporal con apoio da música.

- As improvisacións realizadas.

- As composicións realizadas

Cada un destes exercicios corrixidos polo profesor puntuarán ata 0,3.

C) ACTITUDINAL:

Comportamento positivo ou negativo: Os contidos actitudinais derivados dos obxectivos fixados na programación terán unha concreción nun listado de actos concretos que se anotarán diariamente e incidirán na puntuación dos ítems correspondentes. Se no seu caso

existise un regulamento de Aula procurárase integrar tal listado co mesmo, e asimesmo tal documento haberá de ser coherente co resto da normativa do Centro.

Aspectos a ter en conta:

Nesta materia a importancia da avaliación continua pode amosarse dun xeito moi diferente ao resto das materias e cunha importancia trascendental para acadar uns resultados axeitados.

Ese é o motivo principal polo que ás unidades didácticas non se restrinxen a un único trimestre.

Se inda así se quixese relacionar directamente estes criterios de cualificación co establecido na avaliación das unidades didácticas, tal como se pretende co manual de elaboración das programacións didácticas, nese caso darase a opción voluntaria de examinarse de cada unidade didáctica que se fará corresponder con cada avaliación e seguirá estrictamente o establecido no apartado das unidades didácticas cos porcentaxes alí establecidos. Deste xeito quedaría así: Primeira avaliación: Proba escrita 80% + Táboa de Indicadores 20%; 2ªAvaliación: Proba escrita 30%, Táboa de Indicadores 70%; 3ª Avaliación: 50% Proba escrita 50% Táboa de Indicadores. Entre as dúas opcións elexidas poríase a nota máis alta acadada.

Criterios de recuperación:

o 100% da puntuación corresponderíase coa puntuación acadada na Aula Virtual.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para a elaboración e seguimento do plan de reforzo ao que se refire o artigo 8.3 da orde do 25 de Xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria e de bacharelato do sistema educativo de

Galicia, seguirase o establecido no artigo 51 da orde do 8 de Setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de Decembro, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia e nos

que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación. A estes efectos a elaboración e o seguimento de dito plan farase a través da Aula Virtual.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións e para resolver probas específicas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Compresión lectora	X	X	X
ET.2 - Creatividade	X	X	X
ET.3 - Atonomía	X	X	X
ET.4 - Traballo en equipo	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X	X
ET.6 - Consumo responsable, fomento do espírito crítico	X	X	X
ET.7 - Respeto mutuo, educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.9 - Competencia dixital e educación audiovisual	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais nesta materia forman parte indisoluble tanto da parte práctica como da metodoloxía propia da mesma, de ahí que estén presentes en tódalas unidades.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Festival do día das Letras Galegas	Na semana especificada se realizará un Festival que constará de interpretacións musicais por parte do grupo.			X

Observacións:

A preparación e realización do festival integrará e unificará tódolos contidos prácticos e transversais da materia aportando motivación no alumnado e contribuíndo a interiorización de todos eles.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.
A selección e temporalización de contidos foi axeitada.
Os criterios de avaliación e calificación foron claros e rigurosos e permitiron un seguemento do progreso do alumnado.
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e calificacións.
Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia.
Metodoloxía empregada
Foi a axeitada axustándose ás necesidades individuais, estratexias de aprendizaxe e con entidade suficiente a parte práctica.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
Medidas de atención á diversidade
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado.
Clima de traballo na aula
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Facilitouse ao alumnado e as familias o coñecemento dos criterios de avaliación e calificación de cada unidade didáctica, ao comezo da mesma.

Descrición:

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.

Nas reunións de departamento, utilizaranse táboas de cotexo baseadas nos indicadores de logro para obter a información.

A retroalimentación co alumnado farase no seu caso a través de cuestionarios na aula virtual.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento, e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.

Tomarase nota do grado de cumprimento do programado.

No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

9. Outros apartados